

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea 40175(**10/PNC-003243**) sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa revisión da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial co fin de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, o incremento de especialización na materia no resto dos xulgados e o impulso da especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado co fin de:

- 1.-Que solicite ao Goberno do Estado que se incremente o número de xulgados necesarios en materia de violencia de xénero de xeito consensuado na Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza
- 2.-Incrementar a formación específica e periódica nos xulgados con competencia sobre a materia.
- 3.-Promover a especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros onde non se dificulte o acceso por razón de distancia á xurisdición de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia".

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 18:10:00
Nº Rexistro: 46520
Data envío: 19/02/2019 18:10:00.615

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/02/2019 17:22:20

Paula Prado Del Río na data 19/02/2019 17:22:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-huY8mQQ96-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa revisión da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial co fin de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, o incremento de especialización na materia no resto dos xulgados e o impulso da especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros (10/PNC-003243, documento número 40175)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que demande do Goberno do Estado:

- a) Acadar a revisión da Lei de planta e demarcación xudicial coa finalidade de ampliar o número de xulgados exclusivos de violencia contra a muller, co obxectivo de que haxa un xulgado especializado con competencia exclusiva nas principais cidades de Galicia.
- b) Incrementar a especialización no resto de xulgados, reforzando a formación do funcionariado estatal nos xulgados con competencia sobre a materia e aumentando a porcentaxe de dedicación a estes asuntos onde a competencia non sexa exclusiva.
- c) Promover a comarcalización dos servizos especializados na loita contra a violencia machista, tales como o Imelga (especialmente as unidades de valoración forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial, de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



2. Que, exercendo as súas competencias propias:

- a) De maneira inmediata, leve a cabo as reformas necesarias nas dependencias de todos os edificios xudiciais de Galicia, habilitando espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores.
- b) Tamén de maneira inmediata, dote de persoal necesario a estes xulgados.
- c) Incremente a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da Xustiza en Galicia.
- d) Poña en marcha o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguros no seu percorrido xudicial.”

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/02/2019 17:53:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/02/2019 17:53:43

